



ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE INSPECTOR/A DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE, INTEGRADA NO GRUPO "A", SUBGRUPO A2, DA SUBESCALA TÉCNICA, CLASE TÉCNICOS MEDIOS, DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL INCLUÍDA NA OEP DO ANO 2015, POLA QUENDA LIBRE.

RESULTADO DO PRIMEIRO EXERCICIO.- Reunido o Tribunal cualificador o 04.10.2021, para proceder á cualificación do primeiro exercicio realizado polos aspirantes, aplicando os criterios de cualificación establecidos na base específica cuarta, outorga as seguintes puntuacións:

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NOTA
CASAL	VÁZQUEZ	PAULA	6,85

As persoas aspirantes convocadas para a lectura do primeiro exercicio e que non figuran na listaxe anterior, ou ben non se presentaron ou ben non acadaron a puntuación mínima esixida para superar o exercicio, obtendo a cualificación de NON APTO/A, de conformidade co disposto na base 11ª das bases xerais do proceso.

RECURSOS.- Contra as resolucións do Tribunal e os seus actos de trámite cualificados, como son a asignación de puntuacións e a declaración de non aptos nos exercicios, poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou (Concelleira delegada do servizo de persoal e cultura), no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de edictos, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas.

Non obstante, os/as interesados/as tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente e este o sexa consonte a dereito.

PUBLICACIÓN DO RESULTADO E CONVOCATORIA PARA O SEGUNDO EXERCICIO.- O Tribunal dispón que polo secretario se publique no taboleiro de anuncios do Concello e, de forma complementaria, na Sede electrónica do Concello de Pontevedra, a cualificación obtida pola persoa aspirante aprobada, convocando á persoa candidata que o superou para a realización do segundo exercicio escrito, obrigatorio e eliminatorio, que consistirá en contestar por escrito, nun tempo máximo de tres horas, a catro temas determinados ao chou polo tribunal de entre os comprendidos no programa: un correspondente á parte xeral, un correspondente ao intervalo dos temas 13 a 32 da parte específica, un correspondente ao intervalo dos temas 33 a 43 da parte específica e un correspondente ao intervalo dos temas 44 a 60 da parte específica. A proba terá lugar na **Sala Obradoiros do Pazo da Cultura, sito na rúa Alexandre Bóveda, s/n, o venres, día 15 de outubro de 2021, ás 9:00 horas.**

O Secretario do Tribunal, en Pontevedra na data da sinatura electrónica.

